

#Biblioutono



Setembro

VEN 15 / 20:00 h
Presentación do poemario *No te hagas el muerto*.

Carolina Otero con Rosalía Fernández Rial
Carolina Otero, mestra de música e literatura, presentarános o seu último poemario, acompañada da escritora Rosalía Fernández Rial.

Entrada libre

MAR 19 / 18.30 h
Faladoiro Club de Lectura

Sesión informativa sobre clubs de lectura e inauguración e orientación para os interesad@s no club de lectura da Biblioteca Rego da Balsa

Entrada libre

MÉR 20 / 18.30 h
Letras e Notas. Magín Blanco

Espectáculo musical de formato individual, no que Magín Blanco interpreta temas propios para os nen@s. A través do abecedario e da música, Magín irá creando un universo fiado polas introducións ás cancións, por adiviñas e pequenos contos

Programa Ler Conta Moito.
Con recollida de convite desde unha semana antes.
De 3 a 8 anos.

XOV 21 / 20:00 h
Presentación literaria de *Metapoética*.

Alvaro Antelo
Metapoética é a voz muda coa que berran as emocións. Un conflito interno entre as luces e as sombras;

unha nova obra deste escritor local que non podeades perder!
Entrada libre

XOV 28 / 20:00 h
Encontro co sector audiovisual coruñés. Deputación da Coruña e Voz Audiovisual

Charla-proxección sobre o sector audiovisual coruñés, relacionada coa serie televisiva *El final del Camino*, emitida por TVE e TVG.

Entrada libre

SÁB 30 / 10.30 h
Foro sobre a xestión municipal do Dereito Humano á Auga. Enxeñeiros Sen Fronteiras

Os obxectivos da actividade son chamar a atención sobre como a problemática do dereito á auga é global (a defensa dos Dereitos Humanos non ten fronteiras), e as leccións aprendidas dun lugar poden (tras adaptalas ao contexto) aplicarse a outros lugares.

Entrada libre

SÁB 30
10.00-13.00 h
Obradoiro de improvisación teatral e creación de novos contos.

Themomento Impro
Neste obradoiro aprenderánse as técnicas básicas da improvisación teatral, como a aceptación das propostas da compañeira ou do compañeiro e a cooperación grupal para a creación de novas historias.
Programa Ler Conta Moito.

Con Inscripción Previa.
Público Adulto e Xuvenil.

Outubro

MÉR 11 / 18.30 h
Un outro mundo por descubrir, as viaxes de Irene.

Solidariedade Internacional de Galicia

Conta contos no que os nen@s da man de Irene e cos cinco sentidos (oído, olfato, vista, gusto e tacto) achegaranse a cultura doutros países, países que teñen paisaxes, fauna, flora diferentes a nosa, no que hai mulleres e homes que falan linguas e viven de forma diferente a nosa e están dexesando mostrarnos cantos lugares do mundo temos por descubrir.
Programa Ler Conta Moito.
Con recollida de convite desde unha semana antes.
De 5 a 10 anos.

XOV 9 / 18.30 h
Lobo Lobo. Elefante Elegante

Que pasaría se o lobo da Carrapuchiña se fíxese vexetariano? Que acontecería se a madastra de Branca de Neve se convertese nun dos tres porquiños cada vez que se mira no espello? A resposta a estas e outras preguntas poderémola descubrir neste espectáculo!
Programa Ler Conta Moito.
Con recollida de convite desde unha semana antes.
De 3 a 7 anos.

MAR 31 / 17.15 h
Obradoiro Especial Samain
No día máis terrorífico

do ano decoraremos a biblioteca con máscaras, pantasma, cabazas, morcegos... Ven e vive unha tarde de medo!
Entrada libre con inscrición previa. De 6 a 12 anos.

Novembro

MÉR 15
17.00 e 18.30 h
Contacontos teatral *Viaxe a Sudamérica*.

TrinkeTrinke Teatro
Os ratos de Lonxedetodo acaban de voltar dunha longa viaxe por América do Sur e Central.

Con recollida de convite desde unha semana antes.
De 3 a 8 anos.

MÉR 29
17.00 e 18.30 h
Contacontos teatral *Asociación de animais solidarios*.

TrinkeTrinke Teatro
A ratiña Carolina montará na Biblioteca a oficina da Asociación de Animais Solidarios, da que forma parte e que lle toca atender.
Con recollida de convite desde unha semana antes.
De 3 a 8 anos.

Conéctate coa biblioteca

HORARIOS

Biblioteca do Museo
L-V 9.30 a 20.00 h
T 981 704 041

Ludoteca Municipal
L-V 17.00 a 19.00 h
Con moitas novidades.
Infórmate!

Biblioteca Rego da Balsa
L-V 10.30 a 20.30 h
S 10.00 a 13.00 h
T 981 758 580

biblioteca@carballo.gal
www.carballo.gal